



PERIODO DE ADAPTACIÓN

Cando o neno/a se incorpora ao mundo da escola sofre unha separación importante, rompe ese lazo afectivo coa figura de apego, e orixínase un conflito.

O Período de Adaptación é o conxunto de fases sucesivas polas que a nena ou o neno chega a acomodarse a un medio novo, ao medio escolar (que non é coñecido nin habitual) e asimila felizmente a separación da súa figura de apego.

Obxectivos

- Facilitar o tránsito ao espazo escolar con novos tipos de relación.
- Disminuir a tensión, o medo, angustia e ansiedade creados polo cambio de situación.
- Compartir información relevante entre as familias, o profesorado e o alumnado.
- Favorecer a sensación de seguridade
- Descubrir o gozo de estar con outras e outros nun ambiente estimulante.

Durante este período é necesario que o alumnado acuda ao cole na compañía dalgunha persoa moi vinculada a el/ela.

É importante recoller ás nenas e aos nenos con puntualidade para evitar frustracións e desgustos inútiles (os primeiros días fánelles moi longos, pero pouco a pouco van afacéndose ás novas rutinas).



As despedidas deben de ser afectuosas pero curtas e transmitindo moita seguridade e confianza. Sen mentir sobre a onde imos ou canto imos tardar e sen prometer cousas que non vaiamos cumprir.

RECOMENDACIÓNS

Traballar a autonomía, hábitos e rutinas de aseo, vestido, sono, alimentación e comportamento:

- Lavar as mans, a cara, limpase só os mocos, despois do ir ao baño...
- Retirar o chupete e biberón.
- Vestir e espir determinadas prendas de forma autónoma.
- Comer só/soa.
- Encomendarlle pequenas responsabilidades: recoller os seus xoguetes, colgar o seu abrigo, axudar nas tarefas domésticas (por exemplo: poñer e recoller a mesa).
- Acostumar ás nenas e nenos a cumprir normas e a ter límites na casa de cara á consecución da súa autonomía persoal na escola.
- Falarlle da escola en ton afectivo e gratificante (nin é ideal nin é un castigo). A escola é un lugar para aprender e facer amigos e amigas.
- Familiarizalos cos libros, material escolar, cores... e moitas das cousas que usará na escola.
- Conversade con eles con corrección e animádeos a mellorar a súa pronunciación (pero senforzar).